

O GRAN DITADOR

Charles Chaplin, 1940

1718

ESTREA EN NUMAX: 14.04.2026 | V.O.S.E. | 125 min

Un humilde barbeiro xudeu que combateu co exército de Tomania na Primeira Guerra Mundial volve á súa casa anos despois da fin do conflito. Amnésico a causa dun accidente de avión, non recorda practicamente nada da súa vida pasada, e non coñece a situación política actual do país: Adenoid Hynkel, un ditador fascista e racista chegou ao poder e iniciou a persecución do pobo xudeu, a quen considera responsable da situación de crise que vive o país. En paralelo, Hynkel e os seus colaboradores empezaron a preparar unha ofensiva militar destinada á conquista de todo o mundo.

«Un logro soberbio dun artista verdadeiramente grande. Quizais a película máis transcendental xamais producida»

Bosley Crowther, THE NEW YORK TIMES



O premonitorio pesadelo dun mundo tolo

Por François Truffaut

Nun dos seus célebres artigos, André Bazin creu ver n'*O gran ditador* un axuste de contas de Chaplin con Hitler. Motivos? Hitler usurpara a Chaplin o seu bigote. Chaplin conseguira que o bigote de Hitler formase parte do mito de Charlot e así reduciu o mito do ditador. En 1939 debían ser, efecto, dous dos homes máis famosos do mundo. Ao incorporar Chaplin a Hitler rendeu un gran servizo á xente sen sabelo. O extraordinario auditorio que Chaplin concita co seu talento imponlle unha enorme responsabilidade. Non se trata de que el se crea investido dunha misión, é que realmente é así. E, na miña opinión, poucos homes públicos, políticos ou forxadores de ideoloxías teñen desenvolvido a súa misión con tal eficacia. *O gran ditador* é un filme que certamente en 1939 podía afectar o maior número de espectadores posibles e na maioría dos países. É en verdade unha película histórica, un pesadelo dolorosamente premonitorio dun mundo tolo do cal *Noite e néboa* (1956), de Alain Resnais, levanta acta fiel.

1937 é o ano no que Chaplin comeza a traballar n'*O gran ditador*, durante 1938 multiplícanse as dilixencias para impedir que poida rodala. Os axentes diplomáticos alemáns e moitas organizacións americanas presionan. Na primavera de 1940, o filme está rematado pero tardará en estrearse 6 meses. Entretanto Chaplin foi acusado pola Comisión de Actividades Anti-americanas, dando inicio aos ataques que seguirán sen tregua até 1952.

O gran ditador non é só unha farsa defensiva, tamén é un ensaio moi preciso sobre as delirantes ambicións racistas do hitlerismo. Case da mesma maneira que n'*Marsellesa* de Jean Renoir, dúas series de esquemas se alternan, o palacio hitlerián e o ghetto. Na medida en que se pode ser obxectivo cando está en xogo a propia pel, Chaplin opón os dous mundos, búrlase ferozmente do primeiro e con tenrura do segundo, mentres respecta escrupulosamente a verdade étnica: as secuencias do ghetto son fluídas, case bailadas. As do palacio bruscas, automáticas, frenéticas até o ridículo. Por parte dos perseguidos, unhas fortes ganas de vivir e un desenfado que roza a covardía (a escena do sorteo para o sacrificio), por parte dos perseguidores un fanatismo imbécil.

Cando ao remate da película, e dentro da mellor tradición da comedia, levan o pequeno barbeiro xudeu para reemprazar o Gran Ditador, do que é sosias -elipse xenial: no filme non se fai alusión algunha a este detalle!-, está a chover e é o momento dos famosos discursos, da mensaxe evidente e elemental. Os acontecementos que desgarraron Europa poucos despois da estrea abundan para probar que o que Chaplin demostraba como evidente de máis non debía selo para todo o mundo.

Os comentaristas, e especialmente Bazin, sinalaron que o discurso final do filme marca o momento crucial de toda a súa obra porque se pode ver como desaparece devagar a máscara de Charlot para ser substituída polo rostro, sen maquillaxe, de Charles Chaplin en persoa, un home xa canoso. Lanza ao mundo unha mensaxe de esperanza e cita o Evanxeo. Chaplin non quixo poñer a palabra "fin" sobreimpresionada sobre o seu rostro senón sobre a imaxe de Paulette Goddard á que puxo o nome da súa propia nai, Hannah, palabra palindrómica que resume magnificamente todo o sentido da película porque Hitler é o barbeiro xudeu e á inversa. A súa nai é a quen invoca ao remate do seu discurso mentres Paulette Goddard, nun plano sublime, deitada na terra ergue a mirada.